



folha informativa da
Federación de Centros Xuvenís
DON BOSCO de Galicia

Donbosco-con-tigo

Os días 18 e 19 de outubro, xuntáronse en Cambados 92 rapaces e rapazas de 3º e 4º da ESO e 17 animadoras e animadores para reflexionar sobre as súas vidas tendo a Don Bosco coma telón de fondo. Baixo o lema 'Atrévete a apostar', estes adolescentes tentaron descubrir cales son as apostas que fai a sociedade e cales foron as apostas que realizou Don Bosco. O domingo, estivo centrado sobre as propias apostas, concluíndo a xuntanza coa celebración da Eucaristía comprometéndose a apostar polos valores de Xesús. Pero coma en toda aposta non sabemos cal será o desenlace. ¡¡Agardamos gañar a aposta!!



Asemblea de Animadores do Itinerario



A fin de semana do 25 e 26 de outubro tivo lugar a V Asemblea Inspectorial de animadoras e animadores de Itinerario de Educación na Fe da Inspectoría Salesiana de León. Xuntámonos en Ourense-Allariz os equipos de animación de Pre-Andaina, Andaina, ADS e Catecumenado das Federacións de Galicia, Castilla-León e dos centros xuvenís de Asturias. Foi unha intensa semana de formación, traballo e programación na que tamén houbo tempo para a convivencia desenfadada e o encontro familiar.

Como en ocasións anteriores, cando se celebra conxuntamente esta asemblea o primeiro día adícase completamente á formación. Este ano acompañounos José Luis Moral de la Parte, salesiano, especialista en praxe cristiá coa mocidade (pastoral xuvenil) que disertou ao longo do sábado nunha Xornada de Pastoral Xuvenil sobre o seu tema.

Axenda

Consello Permanente da Federación o 11 de Decembro de 2009 en Santiago de Compostela.

Xornada de Foros Abertos o 7 de Marzo de 2009 en Santiago de Compostela.

Asemblea Ordinaria da Confederación de CCJJ Don Bosco de España 14 e 15 de Marzo de 2009.

Asemblea Inspectorial de Centros Xuvenís o 28 e 29 de Marzo de 2009 en Valladolid.



Saúdo

Ola compañeiros,

Parece que foi fai meses cando pasamos o temido *efectodousmil* e xa vamos a despedir o 2008! Facémonos maiores. Moitas veces *as árbores nos impiden ver o bosque*, pero se nos detemos un intre a botar unha ollada a todo o feito neste ano decatáronos que a nosa nota final é un notable alto. Este 2008 estivo cargado de novos proxectos, e consolidándonos naqueles que facemos de sempre, e de destinatarios agradecidos coas nosas iniciativas. Por todo isto queremos dar as grazas a todo o equipo de voluntarios que fan posíbel que, dende as nosas diferenzas, consigamos estar entregados a uns obxectivos comúns, facendo realidade un ano de éxitos nos nosos centros xuvenís. Proba disto son os artigos que aparecen nesta FIF.

E precisamente é todo isto o que nos ten que dar folgos para afrontar este novo ano que comeza; un 2009 tamén con moitas novidades: aniversarios, cambios de imaxe, proxectos orixinais,... Desexámosvos que sexa mellor, se cabe, que o ano pasado.

Non esquezades botarlle un ollo ás datas da axenda que aparecen nesta FIF para ir estreando as *Axendas2009* anotando as datas máis importantes.

Desexámosvos unhas felices celebracións na compañía dos vosos. Bo Nadal e Feliz 2009,
Adrián R. Cruz



BO NADAL

A Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia
deséxalle unhas felices festas e un bo ano 2009



Campañas Solidarias e Actividades de Nadal nos Centros Xuvenís

A nosa Federación decidiu en asemblea apoiar como vén sendo tradición un proxecto do Terceiro Mundo. Despois de dialogar sobre algunhas propostas decidimos colaborar coa campaña: ALFABETIZACIÓN EN CALULO (ANGOLA)

Deste xeito, os centros xuvenís membros da Federación Don Bosco de Galicia tentaremos recadar fondos que beneficiarán a 650 alumnos/as de 9 aldeas do municipio de Calulo, en Angola, e a 15 profesores alfabetizadores. Este proxecto dura 9 meses (de febreiro a outubro de 2009) e precisa de 6750€. A persoa de referencia é un salesiano da nosa Inspectoría, Manuel Ordóñez.

Ponte Solidario en Abertal de Vigo

En colaboración coa Cáritas parroquial ABERTAL, organiza unha campaña de recollida de alimentos non perecedoiros que posteriormente se reparten entre familias que se atopan en situación de necesidade no ámbito da parroquia.

ACTIVIDADES

- Achega e recollida de alimentos.
- Os días 22 e 23 de Nadal, xuntanza para clasificar alimentos e facer os paquetes que logo se repartirán ás familias.
- Momento de voluntariado e de convivencia. Para os que o desexan ademais de colaborar poden gozar dun anaco de encontro e convivencia, o mesmo luns 23 organizan:
 - Ás 18:30 h: Deportes cooperativos.
 - Ás 20:00 h: Cineforum: Cometas en el cielo.

Centro Don Bosco de Santiago: Un Quilo Un Sorriso

Presentación oficial da campaña o 8 de novembro coa lectura dun manifesto preparado polos rapaces e rapazas do Centro Xuvenil Don Bosco.

Presentamos e dinamizamos a Exposición de JTM, **Mulleres: protagonistas do desenvolvemento** desde o 8 de novembro ao 31 de decembro.

O sábado 13 de decembro recollida de alimentos por Fontiñas por parte dos rapaces e rapazas do centro xuvenil.

O venres 19 de decembro: un quilo, un sorriso na praza do Toural de 18:00h a 19:30 h, con xogos populares para participar e colaborar cun quilo de alimentos.

TORNEO 24 HORAS SOLIDARIAS DE FÚTBOL SALA

SÁBADO 27/DOMINGO 28 DE DECEMBRO DE 2008: os equipos inscribíense con 5 quilos de alimentos e 30 € para o proxecto solidario de Calulo. Entrégaselles a cada xogador un número para un sorteo de material deportivo donado por diferentes entidades compostelás

MARCHA CICLISTA SOLIDARIA O DOMINGO 28

Os/as participantes reciben un número para un sorteo de material deportivo doado por diferentes entidades e achegan un quilo de alimentos.



Bosco Nadal 2009

Xa vén sendo tradicional esta oferta no Centro Xuvenil Don Bosco. Este ano son 6 días nun horario de mañá e para rapaces e rapazas de 4 a 12 anos. A particularidade desta edición é que hai moitos participantes do verán que habitualmente non están nas nosas actividades, o que é indicativo da necesidade dunha proposta deste tipo para as familias. Tamén nos serve para que os rapaces e rapazas de 13/15 anos que son destinatarios das nosas Tardes en Papaventos teñan a oportunidade de colaborar e apoiar o desenvolvemento das actividades de modo que se converten en premonitores.

Ponte Solidario en Abeiro A Coruña



O equipo de animación da Sala Aberta no Nadal oferta actividades para mozos e mozas de 13 anos en diante. O horario é de 17:30 a 19:30 h de luns a xoves, e de 18:00 a 22:00 h os venres e sábados.

ACTIVIDADES

- Do 14 ao 31 de decembro:
 - Realización de obradoiros e dinámicas de “ambientación e decoración”.
 - Elaboración dun nacemento de plastilina
 - Colocación da árbore de Nadal
 - Panxoliñas
- O 22, 23 e 26 de decembro:
 - Cinema de Nadal. Proxección de películas de distintos xéneros
 - 3 de xaneiro
 - Trofeo de Nadal Xabi Carrajo.

C.X.Abeiro: “O Nadal: ponte de esperanza e fraternidade”

Tamén o equipo de Solidariedade e Sala Aberta programa unha serie

de actividades dentro desta campaña solidaria de decembro:

Venres 12 de decembro: Karaoke Quilo. 1 Quilo = 1 canción

Sábado 13 de decembro: actividade conxunta Operación Quilo

Con estas actividades Abeiro quere fomentar a colaboración na campaña da Operación Quilo, concienciar os rapaces e rapazas sobre o gran labor dunha entidade (neste caso a Cociña Económica) que lle axuda á xente necesitada e poñer en énfase que o traballo en grupo fai máis eficaz a axuda a quen o precisa.

Amencer no Nadal

No Centro Xuvenil Amencer de Ourense destacamos dúas actividades neste tempo de vacacións.

MAÑÁS DE NADAL

Esta actividade organízase en colaboración coa tenencia de alcaldía do Concello de Ourense-Concellaría de Xuventude e a ANPA do colexio salesiano de Ourense.

As persoas destinatarias son nenos e nenas de 4 a 11 anos de idade e as actividades son en horario de 10:00 a 13:30 h.

A participación leva un prezo simbólico e inclúe actividades como: animación á lectura, deportes no pavillón dos remedios, baño nas termas, cine, obradoiros, visitas pola cidade, festa de fin de ano, visita á biblioteca, sala de Wii e PlayStation...

A TOPE NA PONTE DE NADAL

Esta actividade organízase coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia. Este programa vai dirixido a nenos e nenas de 9 anos en diante e desenvólvese en horario de 16:00 a 20:00 h.

Son actividades gratuítas nos días 22, 23, 26, 27, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 5 e 7 de xaneiro con: ciclo de cine infantil, sala de Play e Wii, curso de italiano para nenos/as e xente moza; sala aberta con karaoke; proxecto xangal con pimpón, fútbolín, Scalextric, ciber; 24 horas de fútbol sala; torneo de reis de baloncesto, boscomusic...

OPERACIÓN QUILO

Esta campaña de sensibilización está organizada pola obra salesiana de Ourense (centro xuvenil, parroquia, colexio) a través da exposición “Rostros de esperanza” con actividades e coa colaboración de Cáritas Diocesana. É promovida coa pegada de 2000 carteis, coa repartición de 8000 panfletos pola cidade e con cuñas nas radios, anuncios nos xornais, entrevistas en televisión, radio e prensa.

Na campaña colócanse preto de 60 carros nos supermercados da cidade para que os veciños e veciñas poidan depositar alimentos, e de case 200 petos en establecementos para poder botar moedas. A selección e distribución de alimentos, xoguetes e roupa faise a través de 18 Cáritas parroquiais de Ourense cidade.

O ANO PASADO recolléronse 27 435 quilos de alimentos; 1670 quilos de xoguetes; 2010 quilos de roupa e 4790 €. Colaborouse con 20 Cáritas Parroquiais e dende elas atendéronse 753 familias formadas por 2226 persoas.



Organiza:
Asociación Xuvenil Amencer
Praza Don Bosco, 1 baixo
32003 Ourense
Tel. fax: 988 218 123
amencer@amencer.org
www.amencer.org

Colabora:
Cáritas Diocesana
Praza Obispo Cesáreo, s/n
32005 Ourense
Tel.: 988 236 819